



**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

# **GUÍA DOCENTE**

## **Programación xeral da materia**

**Curso académico**

2008/2009

<b>Materia</b>		
<b>DEREITO PROCESUAL I</b>		
Curso	Ciclo	Profesor responsable do programa
<b>CUARTO</b>	<b>2º</b>	
Titulación		
<b>DUPLA LICENCIATURA EN DEREITO E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS</b>		
Centro		
<b>FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS</b>		

<b>Curso académico</b>	2008/2009
------------------------	-----------

<b>DATOS DESCRIPTIVOS</b>		
<b>Código titulación</b>	<b>Titulación</b>	
	<b>Dupla Licenciatura en Dereito e Dirección de Embrasas</b>	
<b>Plan de estudos</b>		
	Data publicación BOE	Curso de implantación
<b>621 211</b>	<b>06/06/03</b>	<b>2003/2004</b>

<b>Materia</b>		
<b>Código materia</b>	<b>Nome</b>	
<b>621211407</b>	<b>Dereito Procesual I</b>	
Curso	Ciclo	Idiomas en que se imparte
<b>4º</b>	<b>2</b>	<b>Galego/castellano</b>
Carácter	Duración	Convocatoria
<b>TRONCAL</b>	<b>ANUAL</b>	<b>ANUAL</b>

<b>Departamento</b>	
<b>Código</b>	<b>Nome</b>
131	<b>Dereito Público</b>

<b>Área</b>	
<b>Código</b>	<b>Nome</b>
175	<b>Dereito Procesual</b>

<b>Centro / Facultade / Escola</b>			
<b>Código</b>	<b>Nome</b>		
	<b>FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS</b>		
Campus	Rúa	Nº	Código postal
<b>ELVIÑA</b>	<b>CAMPUS ELVIÑA</b>	<b>S/N</b>	<b>15071</b>
Teléfono	Fax	Correo electrónico	
<b>981 167000</b>			

<b>Profesorado e titorías</b>			
<b>Profesor/a 1</b>			
Nome	Despacho	Extensión	Correo electrónico
<b>Titorías</b>			
Días semana		Hora	
Días semana	Hora	Días semana	Hora

**PROGRAMA XERAL DA MATERIA**

**Obxectivos**

A función prioritaria do ensino de Dereito Procesual dirixirase á formación xurídico-universitaria do e da estudante, o que implica a transmisión duns sólidos coñecementos do esencial de cada institución procesual que lle sirvan de alicerce para o alumno, con base nunha mentalidade crítica, poder desenvolver con eficacia e solvencia a súa futura actividade profesional. Habida conta da imposibilidade de levar a cabo, ao longo do curso académico unha explicación exhaustiva de todos os conceptos legais, doutrinais e xurisprudenciais do Dereito Procesual en xeral e do Dereito Procesual Penal en particular, por razón das limitacións temporais, levarase a cabo esencialmente unha transmisión ao e á estudante dos coñecementos procesuais e procesuais penais xerais e claros e dun método de razonamento rigorosamente xurídico, transmitíndolle unhas bases que, posteriormente lle permitan con fiabilidade aprofundar na súa aprendizaxe. Preténdese, xa que logo, acadar unha formación integral e básica dos alumnos e das alumnas no Dereito Procesual como auténticos xuristas e non como meros prácticos, sen que isto implique un detrimento do ensino práctico do Dereito Procesual.

**Contidos (temario teórico e práctico)**

Título		
Temario teoría		
<p style="text-align: center;"><i>I – INTRODUCCIÓN AO DEREITO PROCESUAL</i></p> <p style="text-align: center;"><i>LECCION I</i></p> <p><i>A Xurisdicción. Concepto.- Poder.- Potestade.- A función xurisdiccional.- Caracteres da xurisdicción.- Extensión e límites. Xurisdicción e lexislación.- Xurisdicción e Administración.- Conflictos de xurisdicción.</i></p>		

*LECCION 2*

*A predeterminación do Xuíz. Orixe e concepto.- Predeterminación legal do órgano.- Predeterminación legal e integración subxectiva.- O dereito fundamental ao Xuíz predeterminado legalmente.*

*LECCION 3*

*Órganos xudiciais estatais. O órgano xurisdiccional. Clasificación.- O Tribunal Supremo.- A Audiencia Nacional.- Os Tribunais Superiores de Xustiza.- As Audiencias Provinciais.- O Tribunal do Xurado.- Os Xulgados de Primeira Instancia e Instrucción.- Os Xulgados do Penal.- Os Xulgados do Contencioso-Administrativo.- Os Xulgados do Social.- Os Xulgados de Vixilancia Penitencial.- Os Xulgados de Menores.- Xulgados do Mercantil.- Os Xulgados de Violencia sobre as mulleres.- Os Xulgados de Paz.- Organización e funcionamento dos órganos xurisdiccionais.*

*LECCION 4*

*Xulgados e Tribunais non integrados no Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional.- Tribunal de Contas.- Tribunais consuetudinarios e tradicionais.- Tribunais supraestatais.- Xulgados e Tribunais militares.- Organización xudicial militar.*

LECCION 5

***O goberno do Poder Xudicial. O autogoberno do Poder Xudicial. Especial consideración do Consello Xeral do Poder Xudicial.- As Salas de Goberno do Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e Tribunais Supreiros de Xustiza.- Os Presidentes de Tribunais e Audiencias.- Os Presidentes de Salas.- Os xuíces.- Os Xuíces-Decanos.- As Xuntas de Xuíces.***

LECCION 6

***O Persoal xurisdiccional, Secretario Xudicial, Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza e outro persoal. O persoal xurisdiccional. Capacidade. Selección. Deberes e Dereitos. Responsabilidade. Abstención e recusación.- A responsabilidade patrimonial do Estado por erro xudicial ou funcionamento anormal da Administración de Xustiza.- Oficina Xudicial e Secretario Xudicial.- Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza.- Persoal cooperador da Administración de Xustiza.- O Avogado.- O procurador.***

LECCION 7

***O Dereito á Xurisdicción. A acción. Concepto e clases.- Devir histórico na súa formación.- O dereito á tutela xudicial efectiva.- Contido, manifestacións e limitacións.- Acción e pretensión. Dereito de asistencia xurídica gratuíta.***

*LECCION 8*

***O Proceso.** Concepto.- Natureza xurídica.- Proceso, procedemento e axuizamento.- Clases. Os principios do proceso.- Os principios do procedemento.*

*LECCION 9*

***Os actos procesuais.** Concepto e requisitos.- O sistema de ineficacia na LOPX.- A subsanación de defectos.- O principio de conservación dos actos procesuais.- Actos procesuais do órgano xurisdiccional.- O Secretario Xudicial e as resolucións.*

*LECCION 10*

***O Dereito Procesual.** O Dereito procesual no ordenamento xurídico.- Nacemento e evolución do Dereito Procesual.- O Dereito Procesual como garantía do ordenamento xurídico.- A relevancia do Dereito Procesual.- O problema das fontes do Dereito Procesual.- O sistema de fontes do Dereito Procesual.- A interpretación da Lei Procesual.- Normas procesuais e normas substantivas.- A Lei Procesual no tempo e no espacio.*

*II – DEREITO PROCESUAL PENAL.*

*LECCION 11*

***O Proceso penal.- Os sistemas procesuais penais en xeral; proceso inquisitivo, proceso acustatorio.- O sistema procesual penal da Lei de Axuizamento Criminal: principio de xuíz imparcial, separación de instrucción e axuizamento.- Principios do proceso penal. O principio de oportunidade.***

*LECCION 12*

***Xurisdicción e Competencia.- A xurisdicción como presuposto do proceso; límites da xurisdicción penal ordinaria.- Competencia obxectiva e funcional.- Aforamentos e privilexios procesuais.- Inmunidade de xurisdicción.- A competencia territorial.- A competencia por conexión.- Tratamento procesual da xurisdicción e da competencia; inhibición espontánea; requerimentos de inhibición; cuestións de competencia.***

*LECCION 13*

***As partes no proceso penal I.- A configuración do proceso penal como un proceso de partes.- O Ministerio Fiscal.- O acusador particular; prexudicado e acción popular.- O acusador privado.- O actor civil.- A Avogacía do Estado.***



LECCION 14

*As partes do proceso penal II.- O imputado.- Presencia e ausencia do imputado: a rebeldía.- O responsábel civil.- Representación e defensa das partes; defensa de oficio e dereito á asistencia xurídica gratuíta.- Custes do proceso penal..*

LECCION 15

*O obxecto do proceso penal.- O feito puníbel o o obxecto do proceso.- Delimitación do obxecto.- Unidade e pluralidade de obxectos: conexión de delitos. Acción penal e pretensión punitiva.- As cuestións prexudiciais.*

LECCION 16

*O procedemento ordinario por delitos. iniciación.- O proceso penal tipo; as súas fases, carácter supletorio da súa regulación.- Incoación do proceso: denuncia, querela; atestado; incoación de oficio.- A investigación preprocesual e as súas diferencias coa instrucción.- A investigación do Ministerio Fiscal.- As actuacións da Policía Xudicial.- O axente encuberto.- A entrega vixiada.*

LECCION 17

*A comprobación do delito (I).—O corpo do*

*delito.- Identificación do presunto delincuente e das súas circunstancias persoais.- A inspección ocular.- Declaracións de testemuñas e actos de pericia no sumario e o seu valor.- Aportación de documentos e outras pezas de convicción.- Os medios de investigación sobre a persoal: recoñecementos médicos; probas alcoholimétricas e rexistros persoais.*

#### LECCION 18

***A Comprobación do delito (II).**—Medidas limitadoras de dereitos fundamentais.- A entrada e rexistro en lugar pechado.- A intervención das comunicacións postais, telegráficas e telefónicas.*

#### LECCION 19

***Condición de imputado e imputación xudicial.**- A posición do imputado no proceso penal.- Audiencia do imputado e as súas garantías.- Posición do imputado no proceso penal ordinario; decisión xudicial sobre a súa situación persoal; o procesamento e a indagatoria.- Procesos sen auto de procesamento; a posición do imputado no proceso abreviado e no xuízo de faltas.*

#### LECCION 20

***Medidas cautelares.**- Medidas cautelares persoais. Detención e prisión provisional.- A liberdade provisional e outras medidas cautelares persoais.- A orde de protección.- O procedemento de habeas corpus.- Medidas*

*cautelares reais.- Conservación dos efectos e instrumentos do delito.- Aseguramento das responsabilidades pecuniarias: finazas e embargos.*

*LECCION 21*

*A fase intermedia.- O denominado periodo intermedio.- Auto de conclusión do sumario.- Eventual revogación do auto de conclusión e novas dilixencias e resolucións.- O sobresemento e as súas clases.- O auto de apertura do xuízo oral.*

*LECCION 22*

*O xuízo oral.- Os artigos de previo pronunciamento.- As cualificacións provisionais das partes.- A Conformidade do acusado.- Preparación e desenvolvemento do xuízo oral.- Conclusión do xuízo; a tese do art. 733 LACrim.- A suspensión do xuízo oral: causas e consecuencias.*

*LECCION 23*

*A proba.- Concepto; obxecto e medios de proba.- Proposición, admisión e denegación.- Proba anticipada; proba acordada ex officio.- As probas obtidas con vulneración de dereitos fundamentais; a proba producida irregularmente.- Valor probatorio do actuado no sumario; análise do art. 730 LACrim; proba preconstituída; declaración do acusado; testemuñal, pericial e inspección ocular; a proba documental.- A proba por indicios.*

*LECCION 24.*

*A **sentencia.**- Estructura e contido: exhaustividade e motivación.- Valoración da proba: os principios de presunción de inocencia e in dubio pro reo. A congruencia.- Efectos da sentenza.*

*LECCION 25*

*A **cousa xulgada penal.** Concepto, sentido do principio “non bis in idem”; identidades que han de concorrer para apreciar a cousa xulgada penal.- Posicións sobre a eficacia positiva ou prexudicial da cousa xulgada penal.- Tratamento procesual da cousa xulgada penal.- A rescisión da cousa xulgada.*

*LECCION 26*

*O **procedemento abreviado I.**- Antecedentes históricos.- Ámbito, obxecto e competencia.- peculiaridades en canto á inicaición.- A actuación da policía xudicial.- A intervención do Ministerio Fiscal.- Dilixencias e prevencións xudiciais.- As dilixencias previas.- Información de dereitos, proba anticipada.- Conclusión da fase de instrucción.- A conformidade do acusado.*

*LECCION 27*

**O procedemento abreviado II.-** A fase intermedia.- *Petición de ampliación de proba.- O sobresemento e as súas peculiaridades.- Os escritos de acusación.- A apertura do xuízo oral.- Os escritos de defensa.- A fase de xuízo oral: admisión de probas, sinalamento do xuízo e información á vítima.- Celebración do xuízo oral: especialidades; a) xuízo en ausencia do acusado e do responsábel civil; b) alegacións previas; c) conformidade.- Desenvolvemento do xuízo. A sentenza, especialidades: a) sentenza oral; b) conformidade das partes sobre a firmeza inicial da sentenza; c) principio acusatorio; d) notificación. A impugnación da sentenza; apelación e anulación.*

LECCION 28

**O procedemento para o axuizamento rápido de determinados delitos.-** *Ámbito de aplicación. Actuacións da Policía Xudicial. Dilixencias urxentes diante do Xulgado de Garda; instrucción e conclusión.- Preparación do xuízo oral; petición de apertura do xuízo oral ou de sobresemento, escritos de acusación e defensa; sinalamento do xuízo oral.- Especialidades da conformidade.- Desenvolvemento do xuízo e sentenza.- Impugnación da sentenza.*

LECCION 29

**Proceso diante do Tribunal do Xurado.-** *Competencia: obxectiva, territorial, funcional.- Composición e constitución do xurado; estatuto xurídico dos xurados; selección.- A fase de instrucción.- A fase de xuízo oral: A) trámites precedentes; a) designación do Maxistrado-ponente; b) cuestións previas; c) auto de “feitos xusticiábeis”; d) outros trámites; B) Celebración do xuízo oral: a vista; suspensión*

*do xuízo oral.- Posíbel disolución do xurado: as súas causas.- O veredicto: escrito co obxecto do veredicto; instrucción aos xurados; deliberación e votación; ata; posíbel devolución da acta.- Sentencia.- Réxime de recursos, con especial consideración da apelación contra certas sentencias.*

### LECCION 30

***O xuízo de faltas.- Réxime xeral e o das faltas de axuízamento inmediato; ámbito de aplicación. Sinalamento de xuízo e citacións.- Celebración do xuízo.- Sentencia e impugnación.***

### LECCION 31

***Os procesos especiais.—O proceso contra Senadores e Deputados.- Os procesos por injurias e calumnias contra particulares.- Os procesos por delitos cometidos por medio da prensa e outros medios de publicación.- A garantía xurisdiccional penal en materia de delitos e faltas contra os dereitos fundamentais da persoa.- O procedemento da LO 5/2000, de 12 de xaneiro, de Responsabilidade penal do menor: principios reguladores; as fases do procedemento; sentenza e réxime de recursos; principios xerais na execución das medidas.***

### LECCION 32

***Réxime xeral dos recursos no proceso penal.— Os recursos non devolutivos: reforma e súplica.- Recursos devolutivos: A) a apelación no proceso ordinario e no proceso abreviado; B) O recurso***

*de queixa contra a inadmisión doutro recurso e como substitutivo da apelación. O recurso de casación penal.*

*LECCION 33*

***A execución penal.-** Aspectos xerais da execución penal: concepto e natureza xurídica; principios, título; órgaos; partes, incidentes; procedemento, remate.- Tribunais sentenciadores; Xulgado de Vixilancia Penitencial e Administración Penitencial: as súas respectivas funcións.- Recursos contra as resolucións da Administración Penitencial. Xulgados de Vixilancia Penitencial e Xulgado Central de Vixilancia Penitencial.*

*III- DEREITO PROCESUAL CONSTITUCIONAL*

*LECCIÓN 34*

***O dereito procesual constitucional.-** Concepto.- A xurisdicción constitucional.- O control da Constitución.- Control político e control xurisdiccional (difuso e concentrado).- O Tribunal Constitucional.- Composición.- Atribucións.- Funcionamento.- A súa significación en relación co Poder Lexislativo e o Poder Xudicial.- O persoal ao servizo da Xustiza Constitucional. Os Maxistrados do Tribunal Constitucional.- Os Letrados do Tribunal Constitucional.- Secretarios.- Outros auxiliares.*

LECCIÓN 35

*As partes.- Capacidade.- A lexitimación.- Lexitimación dos interesados.- Lexitimación dos órganos estatais ou das Comunidades autónomas.- Lexitimación do Valedor do Pobo.- Presencia e ausencia das partes no proceso constitucional.- Defensa e Representación.- Unidade e pluralidade de partes.- O Ministerio Fiscal no proceso constitucional.- O proceso constitucional en xeral. Concepto, clasificación, regras comúns sobre os procedementos.- O obxecto do proceso constitucional.- A pluralidade de obxectos. O acugulamento.*

LECCIÓN 36

*Os procedementos perante o Tribunal Constitucional.- O recurso de amparo. Nocións xerais.- O recurso de amparo contra actos do Poder Lexislativo.- O recurso de amparo contra actos do Goberno e das Administracións Públicas.- O recurso de amparo contra actos do Poder Xudicial.- Outros recursos de amparo.- Procedemento. Demanda.- Trámite de admisión.- Substanciamento.- Sentencia.*

LECCIÓN 37

*Os procedementos perante o Tribunal Constitucional (continuación).- A cuestión de inconstitucionalidade.- O recurso de inconstitucionalidade.- Outros procedementos.*



LECCIÓN 38

*Efectos do proceso constitucional.- Eficacia xurídico-material.- Eficacia xurídico-procesual.- Efectos declarativos.- Efectos executivos.- Execución das sentencias do Tribunal Constitucional.- As costas procesuais no proceso constitucional.- As medidas cautelares nos procedementos perante o Tribunal Constitucional.*

IV - DEREITO PROCESUAL SUPRANACIONAL

LECCIÓN 39

*Dereito procesual comunitario.- Introducción.- O Tribunal de Xustiza da Unión Europea.- Encadramento do Tribunal dentro do sistema institucional comunitario.- Composición.- Funcionamento.- Regras xerais de procedemento.- Castes de procesos.- O recurso de incumprimento.- O recurso de anulación.- O recurso de inacción.- A excepción de ilegalidade.- Acción indemnizatoria por responsabilidade extracontractual.- Procedementos especiais.- Efectos xurídicos das sentencias do Tribunal de Xustiza.- O Tribunal de Primeira Instancia. Motivos para a súa creación.- Natureza.- Procedemento para a súa creación.- composición.- Competencias.- O recurso de casación.*

<p style="text-align: center;"><i>LECCIÓN 40</i></p> <p><i>A cuestión prexudicial do art. 177 do TCEE.- A súa natureza xurídica.- Orixe.- Os suxeitos.- O obxecto.- Procedemento. Tramitación perante o Xuíz a quo.- Tramitación perante o TXUE.- Efectos das sentencias xudiciais.</i></p> <p style="text-align: center;"><i>LECCIÓN 41</i></p> <p><i>Protección xurisdiccional supraestatal dos Dereitos Humanos.- Introducción.- Convenio Europeo de Dereitos Humanos.- Comisión Europea.- Consello de Ministros.- Especial consideración do proceso perante o TEDH.- Análise do Protocolo nº 11 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos.</i></p>		
<p>Temario prácticas (no seu caso)</p>		
<p>As prácticas desenvolveranse de xeito paralelo á explicación da teoría, como pode comprobarse no apartado metodolóxico.</p>		

**Metodoloxía**

O desenvolvemento da docencia realizarase en clases teóricas e prácticas. Nas primeiras procurarase a exposición dos postulados teóricos básicos do temario, utilizando o modelo de lección maxistral, xunto coa intervención dialogada do estudiantado. Deste xeito tentarase a transmisión polo Profesor e a adquisición polo estudante dos puntos básicos das diferentes leccións, facendo fincapé nos puntos conflictivos, suscitando polémicas que inciten á participación do estudante, expoñendo de xeito sistemático e crítico as diferentes opinións doutrinarias, nacionais e estranxeiras, sen condicionar ao estudantes, ofrecéndolle instrumentos para a súa propia reflexión crítica.

Xunto coas leccións teóricas incluíránse clases prácticas de xeito paralelo e non necesariamente diferenciadas das primeiras. De feito, algún dos temas ou leccións poderán explicarse recurrido á clase práctica. Ista requerirá do estudante a súa preparación por anticipado, a resolución na clase, e a exposición pola súa banda dalgún ou algúns aspectos da mesma, ao fío da cal, explicarase a materia concreta. As prácticas serán recollidas en clase polos profesores e serán avaliadas, do xeito que posteriormente se indicará.

Xunto coas clases prácticas habituais, realizaranse con periodicidade lectura de textos ou visualización de filmes seguidos dun debate entre os asistentes ás sesións correspondentes. A participación activa nos mesmos será, do mesmo xeito, avaliábel.

Por último, cara ao final do curso realizaranse exercicios de simulación de xuízos penais, repartindo as diferentes funcións procesuais entre o alumnado. A participación será, tamén, avaliábel.

A voluntariedade na asistencia activa ás clases teóricas, prácticas, e demais actividades, non impedirá, a súa apreciación positiva polo profesorado no momento da avaliación.

<b>Recursos</b>
<b>Bibliografía básica:</b>
<p>PÉREZ-CRUZ MARTIN, A.J. <i>Introducción al Derecho Procesal</i>. Ed. TÓRCULO. Santiago de Compostela (A CORUÑA), 2008</p> <p>PÉREZ-CRUZ MARTÍN, A.J.; FERREIRO BAAMONDE, X.; SEOANE SPIEGELBERG, J.L.; PIÑOL RODRÍGUEZ, J.R.: <i>Derecho Procesal Penal</i>, Thompson, Madrid, 2008</p>
<b>Bibliografía complementaria:</b>
<p>Constitución Española. Leyes Orgánicas (Ley Orgánica 1/1979, de 26 de setiembre, General Penitenciaria; Ley Orgánica 2/1979, de 3 de octubre, del Tribunal Constitucional; Ley Orgánica 2/1982, de 12 de mayo, del Tribunal de Cuentas; Ley Orgánica 6/1984, de 24 de mayo, reguladora del procedimiento de Habeas Corpus; Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial; Ley Orgánica 4/1987, de 15 de julio, de competencia y organización de la Jurisdicción Militar; Ley Orgánica 2/1987, de 18 de mayo, de Conflictos Jurisdiccionales; Ley Orgánica 2/1989, de 3 de abril, Procesal Militar; Ley Orgánica 19/1994, de 23 de diciembre, de protección a testigos y peritos en causas criminales; Ley Orgánica 5/1995 <i>in datada</i>, del Tribunal del Jurado; Ley Orgánica 5/2000, de 12 de enero, reguladora de la responsabilidad penal de menores). <i>Leyes Procesales</i> (R.D. de 14 de setiembre de 1882, por el que se aprueba la L.E.Crim.; L. 4/1985, de 21 de marzo, de Extradición Pasiva; Ley 1/1996, de 10 de enero, de Asistencia Jurídica Gratuita; Ley 36/1995, de 11 de diciembre, de ayudas y asistencia a las víctimas de delitos violentos y contra la libertad sexual). Otros textos legales (Ley 59/1991, de 30 de diciembre, del Estatuto Orgánica del Ministerio Fiscal; R.D. 936/2001, de 3 de agosto, por el que se aprueba el Estatuto General de la Abogacía;</p>
<b>Recursos web:</b>
<p><a href="http://www.iustel.com">www.iustel.com</a>  <a href="http://www.poderjudicial.es">www.poderjudicial.es</a></p>

<b>Avaliación</b>
<p><b>Consideracións xerais:</b></p> <p>A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes instrumentos. O instrumento principal, pero non único, será a realización dunha proba obxectiva única e final. Xunto á mesma utilizarase para avaliar ao estudante o traballo do mesmo durante todo o curso académico, a través das prácticas que se recollan na clase, traballos que se propoñan por parte do profesorado, exercicios prácticos de especial significación, e participación activa nas diferentes actividades propostas.</p>
<p><b>Aspectos e criterios de avaliación:</b></p> <p>O estudante superará a materia coa superación dun exame único tipo test ao final do curso. Este exame constará de 50 preguntas con catro respostas posíbeis cada unha, das cales só 1 será correcta, sendo as restantes manifestamente falsas. Cada pregunta correctamente contestada sumará 1 punto, e cada pregunta incorrecta restará 0.3. Será necesario para aprobar a asignatura sumar un mínimo de 30 puntos, dos cales, necesariamente 20 deberán ser obtidos no exame, mentres que os restantes poderán ser sumados a través das prácticas entregadas, e restantes actividades puntuábeis realizadas ao longo do curso. Xunto co exame test realizarase tamén unha proba práctica – na cal será posíbel o uso de textos legais – que tamén servirá para obter os puntos necesarios (ata 5) para a calificación de aprobado. As restantes calificacións serán proporcionais á puntuación obtida de acordo coa seguinte táboa:</p> <p>30-36: Aprobado  36-42: Notábel  42-48: Sobresaliente  48-50 MdH</p>

**HORARIOS DE CLASE**

Referencias	Exemplo				
<p><b>Grupo:</b> Teoría, Práctica,  <b>Nº de grupo:</b> A, B, ...  <b>Intervalo de letras:</b> (A – L) (M – Z)  <b>Aula:</b> Aula Magna, 1, 2 ...</p>	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Hora</th> <th>Luns</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>9:00</td> <td>Teoría A (A – K) Aula 1</td> </tr> </tbody> </table>	Hora	Luns	9:00	Teoría A (A – K) Aula 1
Hora	Luns				
9:00	Teoría A (A – K) Aula 1				

GRUPO ÚNICO					
Nome					Lingua
					CASTELLANO
Horarios PRIMER CUATRIMESTRE					
Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
16:45				Teoría F. Económicas	
17:45			Teoría F. Económicas		
18:45	Teoría F. Económicas				
Horarios SEGUNDO CUATRIMESTRE					
Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
16:45	Teoría F. Económicas			Teoría F. Económicas	
17:45			Teoría F. Económicas		

**HORARIOS DE EXAME: GRUPO ÚNICO**

**Convocatorias e horarios**

Convocatoria	Día	Hora	Centro	Aula
Decembro	12	16:00	Facultade de Económicas	
Xuño	17	16:00	Facultade de Económicas	
Setembro	8	16:00	Facultade de Económicas	